

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de agosto de 2016

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez

Invitados

D^a. Ana Laura Iglesias González

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e trinta e cinco minutos do día nove de agosto de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a interventora xeral acctal., Sra. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

2(843).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA O MANTEMENTO DE APLICACIÓNS EXTERNAS DE XESTIÓN DE NÓMINAS E RR.HH. EXPTE. 7729/113.

Dáse conta da proposta asinada polo secretario da Mesa de Contratación, con data 5.08.16, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 03 de agosto de 2016, acordou:

4.- Proposta de clasificación

a) Procedemento negociado sen publicidade para o mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para o mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113) na seguinte orde decrecente:

1.- Soluciones avanzadas de Informática Aplicada, S.L. (SAVIA).

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, 1.- Soluciones avanzadas de Informática Aplicada, S.L. (SAVIA), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(844).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO ESPECTÁCULO “ORIGINAL BLUES BROTHERS BAND” NA PORTA DO SOL O DÍA 20 DE AGOSTO DE 2016. EXPTE. 6575/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 3.08.16 e o informe de fiscalización do 8.08.16, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, de data 5.08.16, conformado pola concelleira delegada da Área

de Festas e Turismo e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamento e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*
- *Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

INFORME

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réximen Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Como consecuencia da resolución do decreto da Concelleira de Festas e Turismo de data 6 de xuño de 2016 relativo á selección de propostas para as actuacións artísticas para o programa "Vigo en Festas 2016", resolveuse no punto primeiro a contratación do espectáculo "ORIGINAL BLUES BROTHERS BAND" a celebrar na Porta do Sol o día 20 de agosto de 2016 a favor da empresa DALE A LA DANZA, S.L. B-85169589 por un importe total de 66.550,00 € ive engadido.

Con data 2 de xuño, a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo comúncalle mediante escrito que se achega ao expediente, o interese do Concello de Vigo na contratación de "ORIGINAL BLUES BROTHERS BAND" un importe de 66.550,00 € co ive engadido máis equipos, e solicítalle a confirmación da data o día 20 de agosto para a realización do concerto no Porta do Sol dentro do programa Vigo en Festas 2016.

Dende o servizo de festas solicitouse á empresa DALE A LA DANZA, S.L. B-85169589, o documento que acredite que ostenta a exclusividade para a realización do concerto, e as condicións técnicas que conleva o desenvolvemento do espectáculo. Solicitouse, ademais, o detalle dos importes relativos ao rider técnico.

A empresa DALE A LA DANZA, S.L. CIF. B-85169589 presenta o documento no que se acredita que Carlos Goyarrola Ispizua DNI 14924550 B ostenta os dereitos para contratar e

realizar un concerto na cidade de Vigo, e autoriza en exclusiva a DALE A LA DANZA, S.L. CIF. B-85169589 para a realización do concerto en Vigo o día 20 de agosto de 2016, en base ao estipulado no artigo 170 d) do TRLCSP cando por razóns de dereitos de exclusividade artística sobre o artista proposto, o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado.

Así mesmo, e tras diversas conversas técnicas cos responsables da empresa, considérase que as condicións técnicas ("rider" do artista) son asumibles polo Concello de Vigo, e que seguen as pautas de contratos internacionais realizados dende este servizo con anterioridade con motivo das festas do verán.

DALE A LA DANZA, S.L. CIF. B-85169589 presenta un presuposto final por importe de 66.550,00 € (55.000,00 polo cachet máis 11.550,00 € en concepto de ive).

O custo total da actuación por importe de 66.550,00 € podería imputarse á aplicación 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe os seus dereitos.

Este concerto dá cobertura ao bloque de concertos internacionais do programa Vigo en Festas e máis concretamente a tipoloxía de concertos internacional. A entrada será libre e gratuída.

Con data 22 de xullo, a xefa do Servizo de Festas emite informe xustificativo da necesidade e idoneidade da antedita contratación. Así mesmo coa mesma data, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente administrativo necesario para contratación de prestación de servizos para o espectáculo ORIGINAL BLUES BROTHERS BAND a favor da empresa DALE A LA DANZA, S.L. CIF. B-85169589 por importe de 66.550,00 € ive engadido.

A continuación, redactáronse a memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato asinados con data 22 de xullo pola Xefa do Servizo de Festas e máis pola Concelleira de Festas e Turismo, e o prego de prescricións técnicas particulares, que se achega no expediente asinado con data 22 de xullo pola Xefa do Servizo.

Posteriormente, achegouse o expediente ao servizo de Contratación para seguir coa tramitación mediante redacción do prego de cláusulas administrativas particulares por parte da xefa do Servizo de Contratación que foi asinado con data 29 de xullo de 2016.

Consta finalmente no expediente, informe favorable da Asesoría Xurídica, de data 3 de agosto de 2016.

En consecuencia propónse á Xunta de Goberno Local, en cumprimento do art. 110 Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei

de contratos do sector público, previo informe de fiscalización de Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística do espectáculo "ORIGINAL BLUES BROTHERS BAND" na Porta do Sol o día 20 de agosto (expte:6575/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 22 de xullo de 2016, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 29 de xullo de 2016.

Segundo .- Autorizar un gasto por importe total de 66.550,00 € co iva incluído con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa DALE A LA DANZA, S.L. CIF. B-85169589 como empresa autorizada en exclusiva para o espectáculo THE ORIGINAL BLUES BROTHERS o día 20 de agosto de 2016 ás 23,00 horas, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente.

Cuarto.- Autorizar a entrada libre e gratuíta.

Quinto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás quince horas
Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez.